



## **BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE DÚAS PERSOAS PARA OCUPAR DOUS POSTOS DE TRABALLADORES/AS FORESTAIS AO ABEIRO DO PROGRAMA “GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO” NO CONCELLO DE TEO**

### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante o sistema de concurso - oposición de dúas persoas desempregadas para a realización das tarefas contempladas na memoria que acompaña a solicitude de subvención presentada ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (DOG nº 24, de 05.02.2026). Estas tarefas están relacionadas maioritariamente coa prevención de lumes, a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e espazos naturais e a xestión da biomasa no Concello de Teo.

A contratación efectuarase coas seguintes características:

<b>POSTO A OCUPAR</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>NÚMERO DE POSTOS</b>	<b>TIPO DE XORNADA</b>	<b>DURACIÓN DO CONTRATO</b>
Traballador/a forestal	Oficial de 2ª (GC 8)	2	Xornada completa	9 meses

As persoas seleccionadas se incorporarán na brigada forestal do Concello, dependente da concellería de medio ambiente.

A modalidade contractual será a dun contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405).

### **Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes**

Para participar no presente concurso-oposición as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), para os nacionais doutros Estados. Así, segundo o artigo citado:



- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas (art. 57.1)
- As previsións do apartado anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- O acceso o emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.
- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.



e) De conformidade co disposto na base 14 das bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026, publicadas no DOG nº 24, de 05.02.2026, as persoas a contratar deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estaren dispoñibles para o emprego, tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (a data límite para formalizar a contratación é o 01.07.2026). Este requisito xustificárase mediante a presentación dun informe do servizo público de emprego, no que conste a súa inscrición como demandante non ocupado dispoñible para o emprego e, no seu caso, da antigüidade como demandante de emprego.

As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.

Asi mesmo, as persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aprod Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas a través desta convocatoria, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE).

f) Posuír, como mínimo, o carné de conducir tipo B.

g) Estar en posesión do Graduado ESO ou titulación equivalente.

### **Terceira.- Selección da persoa traballador/a**

O Concello de Teo presentará a correspondente oferta de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, nos modelos normalizados dispoñibles, facendo referencia



aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras a contratar conforme a anterior base segunda.

O Servizo Público de Emprego de Galicia realizará unha sondaxe de demandantes de emprego en función das características da oferta presentada atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado e remitiralle ao Concello de Teo unha listaxe coas persoas preseleccionadas, para que este proceda ao contacto e as cite no Casa Consistorial, onde as persoas interesadas recollerán as presentes bases.

As persoas aspirantes interesadas no posto de traballo terán que presentar unha instancia (Anexo II), dirixida á Alcaldía, no Rexistro do Concello de Teo en horario de 9:00 a 14:00 horas ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo de cinco (5) días a contar dende o día seguinte ao estipulado para a entrega das bases. Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases e acompañarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante
- Título requirido para acceder ao proceso selectivo, con arranxo ao sinalado na Base segunda
- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver. (Anexo III)
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate do dito prazo, que serán considerados como achega de documentación fóra de prazo, ou aqueloutros que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.
- Fotocopia do carné de conducir



- Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego. (Informe de periodos de inscrición que pode solicitar na oficina de emprego, a tarxeta de renovación da demanda de emprego non é un documento válido)

Cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

#### **Cuarta.- Admisión de aspirantes**

O Concello de Teo fará entrega das presentes bases ás persoas desempregadas remitidas pola oficina de Emprego Santiago – Norte, quedando fóra do proceso aquelas que non acudan o día da cita.

As persoas convocadas que, por causa xustificada, non desexen participar no proceso selectivo deberán presentar no Rexistro de Entrada unha instancia (Anexo IV) xustificando este feito e indicando os motivos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, se ditará resolución no prazo máximo de cinco días (5), declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, de ser o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo ([www.teo.gal](http://www.teo.gal)) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na Lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de tres días (3) seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Posteriormente, declararase aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo.

Na resolución indicarase tamén a data, o lugar e a hora na que se reunirá o Tribunal para levar a cabo a valoración de méritos.



De non existir aspirantes excluídos/as, elevarase a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución da aprobación.

#### **Quinta.- Tribunal**

O tribunal estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo

Suplente: Jesús Naveira Vázquez, xefe de servizos xerais do Concello de Teo

Vogal: Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico do Concello de Teo.

Suplente: Ana María Varela González, técnica de medio ambiente do Concello de Teo

Secretario/a-vogal: Carmen Vidal González, administrativa do Concello de Teo

Suplente: Diego Rodríguez Porto, técnico de xestión económica e tesourería do Concello de Teo

- a) O Tribunal poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores cando o considere axeitado.
- b) O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.
- c) O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.
- d) A Alcaldía, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

#### **Sexta.- Proceso de selección**

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases coas persoas que presentasen solicitude en prazo e resultasen admitidas.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:



- Fase de concurso: 15 puntos

Na fase de concurso serán valorados polo Tribunal os méritos achegados e xustificadas polos/as aspirantes, aplicando a valoración que se recolle no anexo I destas bases.

- Fase de oposición: 25 puntos

Esta fase consistirá na realización dunha proba práctica, obrigatoria e eliminatoria, que terá relación co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito cotiá no posto de traballo ofertado. A finalidade da mesma é que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas propias dos traballadores forestais. A puntuación máxima deste apartado é de 25,00 puntos e para entendela superado haberá que acadar unha puntuación mínima de 12,50 puntos.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da/s persoa/s aspirante/s que acade/n maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, a favor da/s persoa/s con maior tempo en situación de desemprego que se acreditará co informe de situación de desemprego expedido polo Servizo Público de Emprego.

A nota da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media de todas as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal con voz e voto.

O tribunal procederá a cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das dúas persoas candidatas que obtiveran a maior puntuación total.

Publicada a referida lista, as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de dous (2) días dende tal publicación.



Se algunha das persoas candidatas inicialmente propostas renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindir o mesmo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

#### **Sétima.- Duración do contrato**

O contrato terá unha duración de nove (9) meses dende a data de formalización.

#### **Oitava.- Incidencias**

O tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e adoptará os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso–oposición en todo o non previsto nestas Bases.

#### **Novena.- Formalización do contrato**

Co obxecto de subscribir os correspondentes contratos laborais, as persoas aspirantes propostas disporán dun prazo de dous (2) días, contados desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da proposta de contratación, para achegar a seguinte documentación actualizada:

- a) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que resultou seleccionada.
- b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.
- c) Declaración de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitada para o exercicio e desempeño das funcións públicas.
- d) Copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: DNI, pasaporte ou documento de identidade



equivalente, título requirido para o posto, carné de conducir, a acreditativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso, a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso así como o informe/certificación actualizado/a do servizo público de emprego, na que conste a súa inscrición como demandante non ocupado dispoñible para o emprego.

Unha vez presentada a documentación referida procederáse á formalización do contrato.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola Alcaldía), a persoa aspirante seleccionada non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reuniría os requisitos esixidos, non poderá ser contratada, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade; debendo propoñerse, por parte da Alcaldía, a contratación da aspirante que ocupe o primeiro lugar (por orde de puntuación) na relación complementaria de aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo e non fora inicialmente seleccionadas.

#### **Décima .- Dereito supletorio**

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro e demais lexislación concordante en materia laboral.

#### **Undécima.- Norma final**

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Teo 11 de maio de 2026

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz



## ANEXO I

### Baremo de méritos para valorar o concurso

**1) Formación:** Puntuación máxima deste apartado 4,5 puntos (O título de acceso ao proceso selectivo non puntuará neste apartado).

- Ciclo medio ou certificados de profesionalidade de nivel 1 relacionados co posto de traballo a desenvolver 1 punto.
- Ciclo superior ou certificados de profesionalidade de nivel 2 relacionados co posto de traballo a desenvolver 2 puntos.
- Outros cursos relacionados coas tarefas a desenvolver: 0,1 puntos por cada 10 horas de curso.
- Formación transversal (igualdade, medio ambiente, prevención de riscos...): 0,1 puntos por cada 10 horas de curso.
- Celga 2 ou superior: 0,50 puntos

En relación coa documentación sinalada nos apartados anteriores, só se terán en conta os certificados ou títulos expedidos pola administración pública ou por calquera outra entidade sempre que estean homologados por unha administración pública, autonómica ou estatal, homologación que deberá amosarse no momento da presentación da instancia ou solicitude de participación no proceso selectivo.

**2) Persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral:** 1 punto (require xustificación documental: informe do servizo de orientación laboral ou da oficina de emprego)



- 3)** Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría: 1 punto
- 4)** Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 0,75 puntos
- 5)** Mulleres: 0,75 puntos
- 6)** Vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual: 0,75 puntos.
- 7)** Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 0,75 puntos
- 8)** Persoas desempregadas que acrediten, mediante informe de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego de Galicia, cando menos 12 meses de inscrición nos últimos 18 meses anteriores á data de presentación da solicitude: 0,75 puntos
- 9)** or ter recoñecida unha discapacidade que non impida o normal desenvolvemento da actividade: 0,75 puntos. Esta circunstancia acreditarase mediante a correspondente certificación.
- 10)** Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego aos que tivesen dereito: 0,75 puntos. Esta circunstancia acreditarase mediante certificación do SEPE.
- 11)** Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0,75 puntos.
- 12)** Persoas trans: 0,75 puntos
- 13)** Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 0,75 puntos.
- 14)** Por responsabilidades familiares: 0,25 puntos por persoa a cargo.



Entenderase por tales: o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, así como persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Para a acreditación desta circunstancia:

- No caso do cónxuxe, parella de feito e fillos/as de entre 16 e 26 anos, deberá presentarse certificación do Servizo Público de Emprego na que conste a situación de desemprego.
- Nos restantes supostos, deberá achegarse informe dos Servizos Sociais acreditativo desta situación.

En todos os casos deberá presentarse certificado de convivencia.

Puntuación máxima deste apartado: 1 punto



## ANEXO II

### MODELO DE INSTANCIA

D./ Dna....., con DNI número ..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en.....CP.....localidade..... telf..... e correo electrónico .....

#### EXPOÑO:

I.- Que fun convocado/a, polo Servizo Público de Emprego, para formar parte dun proceso selectivo.

II.- Que fun informado/a da convocatoria e bases para a selección de dúas prazas de **traballador/a forestal**, como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Teo.

III.- Que aspiro ao posto para o que fun convocado/a.

IV.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

V.- Que non fun contratado/a por outra entidade local con poboación de máis de 10.000 habitantes e por un periodo igual ou superior a 9 meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais

Polo exposto,

**SOLICITO:** Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a documentación que se xunta.

Lugar e data

Asdo.:



**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante
- Fotocopia do carné de conducir
- Titulación esixida nas bases da convocatoria
- Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego.
- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función a desenvolver (Anexo III)
- Relación dos méritos alegados e presentados con arranxo ás bases reguladoras do presente proceso de selección:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

**SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

CVD: EGB9VRr1vS+J1hTHA5Tu Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.teo.gal/>



**ANEXO III**  
**MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./Dña....., con DNI  
número ..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación  
en.....  
CP.....localidade.....telf..... e correo electrónico  
.....

**DECLARO BAIXO XURAMENTO**

Que non padezo enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia do  
posto para o que fun convocado/a polo Concello de Teo.

Teo, ..... de ..... de 2026

Asdo. ....



**ANEXO IV**

**MODELO DE EXCLUSIÓN VOLUNTARIA DO PROCESO**

D./Dna....., con DNI número ..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en..... CP..... localidade..... telf..... e correo electrónico .....

**EXPOÑO:**

Que fun convocado/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia, para participar nun proceso selectivo polo cal se convocan dous postos de traballador/a forestal ao abeiro do programa GALICIA SUMA TALENTO: Rural Activo para o exercicio do ano 2026.

Que acudín o día e á hora da cita ao Concello de Teo, onde me informaron das características do proceso selectivo e me facilitaron unha copia das bases que rexen a convocatoria.

Que non reúno as condicións para participar nesta oferta por .....

E por isto,

**SOLICITO:**

Teña en conta estas circunstancias e acepte a miña exclusión voluntaria do proceso selectivo para o que fun convocado/a.

Teo, .... de ..... de 2026

**SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO**

CVD: EGB9VRr1vS+J1hTHA5Tu Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/